WIKIPEDIA

Lingua baskir

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **baskir** (Башҡорт теле, *Başqort tele*, باشقورت تلی) é unha lingua da familia turca falada polo pobo baskir. É cooficial xunto co ruso na República de Bashkortostán e conta con preto de 1,2 millóns de falantes en Rusia. O baskir ten tres dialectos: meridional, oriental e setentrional.

Baskir ***Башҡорт теле, Başqort tele, باشقورت تلی***	
Falado en:	Rusia
Rexións:	Bashkortostán
Total de falantes:	1 200 000 (censo de 2010)
Familia:	Linguas turcas Turco shaz Linguas kipchak Kipchak setentrional **Baskir**
Escrita:	Cirílico (official) Latino (non oficial) árabe (histórico) Antigo alfabeto turco (historical)
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Bashkortostán
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	ba
ISO 639-2:	bak
ISO 639-3:	bak (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=bak)



Índice

Falantes

O censo de 1989 declaraba que había 1 047 000 falantes nativos da lingua baskir vivindo na URSS. Outros 26.737 dicían que o baskir era a súa segunda lingua. Aproximadamente 300.000 baskires declararon que o tártaro era a súa lingua nativa. No censo de 2002 houbo declarados 1 379 727 falantes.

A maioría dos falantes do baskir habitan na república rusa de Bashkortostán, así como nos veciños Tartaristán e Udmurtia. Un número substancial de falantes viven no Krai de Perm e en Chelyabinsk, Oremburgo, Sverdlovsk e óblast de Kurgan. Existen importantes minorías baskires en Casaquistán e Uzbekistán.

Alfabeto e dialectos

Inda que os baskires eran orixinariamente tribos úgricas ou finesas, adoptaron a lingua bolgar. Trala invasión mongola de Rusia, o kypchak fíxose máis habitual, xa que era o idioma falado pola maioría das tribos da Horda Dourada.

O baskir moderno, do mesmo modo que o tártaro, que é similar, toma as súas raices do grupo de linguas kypchak. Hoxe en día o idioma ten moitos dialectos, que son moi similares ó tártaro. No pasado, os baskires usaban o tártaro coma lingua escrita. No século XV substituiuno o Chagatay (porén, segundo algúns historiadores[*Cómpre referencia*], foino pola variedade tártara antiga do Chagatay), que se utilizou ata 1923. Tanto o tártaro coma o chatay usaban a escritura árabe.

En 1923, creouse un sistema escrito para a lingua baskir. Tamén se creou unha linguaxe literaria propia. Ó principio utilizouse un alfabeto árabe modificado. En 1930 foi substituído por un alfabeto baseado no latino e este á súa vez por outro adaptado do cirílico en 1938.

O alfabeto utilizado polo baskir é o mesmo que o alfabeto ruso, co engadido das seguintes letras: Ә ә Ө ө Ү ү Ғ ғ Ҡ ҡ Ң ң Ҙ ҙ Ҫ ҫ Һ һ.

Véxase tamén


Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua baskir***

Ligazóns externas

- Facultade de Filoloxía baskir da Universidade Estatal de Bashkortostán (en inglés) (https://web.archive.org/web/20090321044458/http://www.bashedu.ru/bgu_main1e.htm)
- Lista Swadesh en Bashkir
- "Bashkortostan" xornal (https://web.archive.org/web/20060316093558/http://bashgazet.ru/bash/bnews/)
- "Ural batyr" (http://uralbatir.narod.ru)
- textos de cancións do folclore baskir (http://yir.atspace.com)